

Bo día,

Entrado o novo ano, e desexando que teñades pasado unhas felices festas, informámosvos deseguido das cuestións sindicais máis relevantes acontecidas dende o boletín remitido en setembro:

**1. Enquisas de avaliación docente.**

O regulamento acordado entre a Reitoría e os sindicatos foi aprobado polo consello de goberno do mes de novembro sen modificacións. As liñas xerais do acordo as podedes consultar no anterior boletín ou na convocatoria de quinquenios realizada o pasado ano. O traballo que haberá que desenvolver agora, e niso andamos, vai encamiñado a deseñar unha enquisa que realmente permita avaliar e mellorar a calidade docente na Universidade.

**2. Renuncia do Presidente da XPDI.**

No mes de setembro, e debido á súa xubilación como profesor da Universidade de Vigo, produciuse a renuncia do presidente da Xunta de PDI, D. Camilo Vázquez (CIG). Con tal motivo celebrouse unha xuntanza extraordinaria para elixir un novo presidente. Na reunión a CIG presentou para o cargo de Presidente a D. Aquilino Alonso. Tendo en conta as circunstancias da elección (motivada por unha xubilación) e a imposibilidade pola nosa parte de acadar a Presidencia, os delegados da AGPTU decidimos apoiar ao candidato, o cal saíu elixido cunha ampla maioría.

**3. Reunións da XPDI:**

Xa co novo Presidente celebrouse unha xuntanza ordinaria para tratar sobre o plan especial de promoción de profesorado (15 prazas). Todos os sindicatos coincidimos en que as formas utilizadas pola Reitoría non eran as axeitadas, cumprindo as formas en canto a solicitar a nosa opinión e ao tempo non deixando tempo material para facelo (o tempo entre a entrega da documentación coa súa proposta e a xuntanza para a aprobación do documento en consello de goberno era cativo de máis). Aínda así, a AGPTU presentou un documento para mellorar no posible a proposta existente, entendendo que adiar a súa aprobación prexudicaría a compañeiros que levan moito tempo agardando pola estabilidade no seu posto de traballo. Apoiada esta postura pola CIG, e coa abstención da UXT, aprobouse o documento presentado polo noso sindicato practicamente sen cambios.

**4. Comité de Seguridade e Saúde Laboral**

Este comité é un órgano colexiado destinado á consulta das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos. Na derradeira reunión do mencionado comité, no que temos unha representante, informámonos de diversos protocolos como o de prevención da Gripe A ou o de actuación fronte a conflitos interpersoais e acoso no traballo e planes de autoprotección de centros.

## 5. Proceso electoral na Universidade

Como é ben sabido, este ano haberá eleccións a Reitor da Universidade. Aínda que non comezou a campaña electoral, a nosa postura como sindicato é a de non apoiar expresamente a ningún dos posibles candidatos, ofrecendo a nosa dispoñibilidade para que poidan coñecer de primeira man as nosas propostas para mellorar as condicións do PDI da Universidade, propostas que por outra banda poden atopar no programa co que nos presentamos as eleccións. Sen embargo, escusamos dicir que entenderíamos como un aval para calquera candidatura a presenza en postos relevantes (e sempre a título individual) de asociad@(s) da AGPTU. Sinalar tamén que para evitar posibles manipulacións, de non producírense novas de importancia, retrasaremos a publicación do seguinte boletín ata que o proceso electoral teña rematado.

Polo de agora isto é todo. Non esquezades que tedes a vosa disposición o noso enderezo electrónico [agptu@uvigo.es](mailto:agptu@uvigo.es) para poñervos en contacto con nós sobre calquera asunto que vos interese.

Saúdos e ata a próxima,

**AGPTU - VIGO**